

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5/03/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **5/03/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 13 de Febreiro de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A MARTINA VELAY OUTES e JUAN CARLOS BALLÓN ESTÉVEZ, veciños de Fisterra para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar de

Planta Baixa a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 15038A502022050000DQ), debendo axustarse na súa totalidade ó :

1) Proxecto Básico e de Execución visado con data Decembro de 2018 e Modificados dos mesmos visados con datas 25/09/2019 e 6/02/2020 respectivamente redactados polo Arquitecto Javier Nogueiras Mascarenhas así como a demais documentación presentada que constan no expediente.-

2) Á Autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en Resolución de data 22/01/2020 co número de Rexistro Xeral da Xunta de Galicia O00012650 do que se lle dará traslado ós interesados.-

Así mesmo queda condicionada a que :

- Para o inicio das obras será necesario ó cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

- Cesión obrigatoria e gratuíta de terreos mediante formalización de documento público antes do inicio das obras nunha superficie de 145,00 m2.

- Antes do comezo das obras deberá formalizarse a oportuna Acta de Replanteo para a sinalización das alineacións e rasantes, previa comunicación polos interesados ó Departamento de Urbanismo do Concello, que se fixe sobre a parcela a alienación con respecto ao vial público que é de 5,5 metros para a liña límite de edificación.-

- Non se poderá usar a vivenda nova en tanto non sexa solicitada e concedida a licenza de primeira ocupación. Para ese trámite é necesaria a presentación do certificado de fin de obra cos documentos que a complementen, asinado polos técnicos competentes a e visado nos colexios profesionais correspondentes. Si existen cambios respecto da licenza concedida o certificado virá acompañado de planos de fin de obra e memoria valorada xustificativa en caso de que os cambios supoñan unha variación no orzamento ou nas condicións técnicas e urbanísticas de aplicación.

- A fosa séptica deberá gardar como mínimo as distancias de vinte e cinco metros de calquera pozo de captación de auga, dous metros da edificación principal e cinco metros dos lindeiros.

- O vertido da fosa séptica, quedará supeditada á correspondente autorización do organismo de conca como preceptúa o Texto Refundido da Lei Augas aprobado por Real decreto legislativo 1/2001 , do 20 de xullo

e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril.

- Na urbanización do terreo libre da parcela, estarán prohibidos aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

- Queda concedida Licenza para levar a cabo as obras de Acometida á rede de servizo municipais de Abastecemento de Auga que deberá executarse coas seguintes condicións:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b. A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32 mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90 mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra” e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. Unha vez rematadas as obras, a reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

- Co fin de garantir a reposición do firme da calzada para a conexión coas redes de abastecemento e saneamento público deberase presentar aval

bancario ou realizar un depósito na conta do concello de CINCOCENTOS EUROS (500,00 €).

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2018 / U022/000023
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: 5 de Marzo 2020
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA
- PROMOTOR: Martina Velay Outes e Juan Carlos Ballón Estévez
- CONSTRUTOR: -----
- DIRECTOR DE OBRA: Javier Nogueiras Mascarenhas
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Basilio Canosa Díaz
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B
- USOS: Vivenda Unifamiliar
- PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN: Tres anos .

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil novecentos sesenta e cinco euros con setenta e nove céntimos (2.965,79 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CENTO TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS OITO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (134.808,72 €).

A **EMILIO JESÚS AGULLEIRO AGULLEIRO**, veciño de Fisterra para proceder á **Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa** a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 15038A502012190000DE) debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e de Execución redactados polo Arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés de datas Outubro e 3 de Decembro de 2019 respectivamente así como documentación do 18 de Decembro de 2019 e 4 de Marzo de 2020 que constan no expediente; condicionada a que :**

• Antes do comezo das obras **deberá formalizarse a oportuna Acta de Replanteo** para a sinalización das alineacións e rasantes, previa

comunicación polo interesado ó Departamento de Urbanismo do Concello.

- Cesión obrigatoria de terreos mediante documento público nunha superficie de 71,00 m² para regularización da vía a que da fronte a parcela.

- Co fin de garantir a reposición do firme da calzada para a conexión coa rede de Abastecemento público deberase formalizar en favor deste Concello a oportuna Garantía provisional en Aval Bancario, metálico ou calquera das formas establecidas na normativa legal por un importe de cincocentos euros (500,00 €).

- Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.

- As obras de acometida á rede xeral do servizo municipal de Abastecemento de Auga, teranse que executar coas seguintes condicións:

As obras de acometida ás redes municipais de abastecemento de auga ou de saneamento serán realizadas polo interesado ata a ocupación do subsolo ou solo do dominio público municipal, a partir do cal serán continuadas ou dirixidas pola empresa adxudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento e ata a súa conexión á rede a cargo do petionario.

Se estas obras de acometida ás redes municipais afectan ao subsolo ou solo de dominio público doutras Administracións Públicas terán que executarse polos interesados, ademais de coas condicións que máis abaixo se indican, coas condicións e requisitos esixidos polas ditas Administracións nas autorizacións que, se procede, concedan para a execución das obras e ata a conexión ou entronque á rede municipal que será executado pola empresa adxudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento.

En todo caso as obras de acometida a estas redes de servizo municipais se terán que executar coas seguintes condicións:

- As obras de Acometida á rede xeral do servizo municipal de Saneamento que deberá executarse coas seguintes condicións:

- a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

- b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descenderá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15.

Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. O interesado comunicaráse coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

• As obras de acometida á rede xeral do servizo municipal de Abastecemento de Auga, teranse que executar coas seguintes condicións:

a. Debera informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producira o entronque coa rede de abastecemento.

b. A acometida consistira nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmosferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90 mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarse unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. O interesado comunicarse coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2019 / U022/000017
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: 5 de Marzo de 2020
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEOS RURAIS TRADICIONAIS (NRT)
- PROMOTOR: Emilio Jesús Agulleiro Agulleiro
- CONSTRUTOR: -----
- DIRECTOR DE OBRA: Xoán Bautista Alborés Tajés
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B
- USOS: Vivenda Unifamiliar
- PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN: Tres anos.

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil novecentos trinta e sete euros con corenta e cinco céntimos (2.937,45 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de cento trinta e tres mil cincocentos vinte euros con corenta céntimos (133.520,40 €).

A IRMA MARÍA VÁZQUEZ SANTOS, veciña de Fisterra para proceder á Rehabilitación dunha Edificación Tradicional coa finalidade de destinala a Vivenda Unifamiliar actualmente emprazada nunha parcela (Referencia Catastral 001400100MH75D0001LQ) debendo axustarse na súa totalidade a:

1) Proxecto Básico de data Xaneiro de 2019 redactado polos arquitectos Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites así como documentación presentada con datas 26/11/2019 e 3/03/2020 que constan no expediente.-

2) Ás condicións impostas na Autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Resolución de data 30/08/2019 , da que se lle dará traslado á interesada.-

Así mesmo queda condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo, oficios da

dirección de execución das obras e de ser o caso coordinación de seguridade e saúde.

- Cesión obrigatoria de terreos mediante documento público nunha superficie de 16,60 m² para regularización da vía a que da fronte a parcela.

- Co fin de garantir a reposición do firme da calzada para a conexión coa rede de Abastecemento público deberase formalizar en favor deste Concello a oportuna Garantía provisional en Aval Bancario, metálico ou calquera das formas establecidas na normativa legal por un importe de cincocentos euros (500,00 €).

- Para o inicio das obras será necesario ó cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

- Deberá comunicarse o inicio da obras ante este Concello, que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza.

- Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completarase a urbanización na fronte da aliñación cos mesmo tipo a calidade que os materiais existentes.

- Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.

- As obras de acometida á rede xeral do servizo municipal de Abastecemento de Auga, teranse que executar coas seguintes condicións:

a. Debera informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producira o entronque coa rede de abastecemento.

b. A acometida consistira nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1") en 16 atmosferas de presión, con collarin e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de

espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90 mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

• As obras de Acometida á rede xeral do servizo municipal de Saneamento que deberá executarse coas seguintes condicións:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñerase dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descenderá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de

altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15.

Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. O interesado comunicarase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pe da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- EXPEDIENTE : 2019/U022/000001

-- CONCESIÓN DA LICENZA : 5 de Marzo de 2020

-- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais (NRTC)

-- PROMOTOR: Irma María Vázquez Santos

-- CONSTRUTOR: -----

-- DIRECTOR DE OBRA: Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites.

-- DIRECTOR DE EXECUCION MATERIAL: Basilio Canosa Díaz

-- NUMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B + 1

-- USOS: Vivenda unifamiliar

-- PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN: Tres anos

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil douscentos sesenta e seis euros (2.266,00 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante, en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CENTO TRES MIL EUROS (103.000,00 €).

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de SOFÍA MARTÍNEZ POMBO, veciña de Fisterra para proceder á reforma integral dun local comercial destinado a carnicería (Referencia Catastral 8607407MH7580N0001PT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo cumprir as condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Resolución de data 18 de Febreiro de 2020 que constan no expediente; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a:

-- Con anterioridade presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015 do 9 de Xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais nos que se pretenda desenvolver a actividade ou a presentación dunha declaración do titular, da actividade que producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 Db.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FRANCISCO CANOSA CASTIÑEIRA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 353 de 11/02/2020) para proceder á realización das obras consistentes no acondicionamento con recebo e pintado lateral en cor beige para evitar filtracións de auga nunha vivenda (Referencia Catastral 8607426MH7580N0001ST) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 19 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de AGUSTÍN LESTÓN CANOSA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.394 de 17/09/2019) para proceder á realización das obras consistentes no aumento dos aleiros, pintado de paredes, teito en cor ocre e tella nunha vivenda (Referencia Catastral 002302600MH75D0001DQ) mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de 3 metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; debendo axustarse ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Resolución de data 5/02/2020 que constan no expediente; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PRADO BLANCO, con CIF H-15957236 (Rexistro de Entrada 352 de 11/02/2020) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da actual conexión de abastecemento municipal existente nunha edificación (Referencia Catastral 8507413MH7580N0005EO) mediante a oportuna apertura de gabiá na beirarrúa, nun metro (1 m).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo constituír en favor do Concello de Fisterra unha fianza de Douscentos euros (200 €) coa finalidade de

garantir a reposición do actual firme; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PRAZA DA CONSTITUCIÓN, con CIF H70612692 (Rexistro de Entrada 413 de 18/02/2020) para proceder á realización de obras consistentes no acondicionamento da cuberta con substitución da tella deteriorada por outras novas, reparación da fachada e pintado da mesma no mes color branco nunha (Referencia Catastral 8706801MH7580N).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de VANESA PAMPÍN MARTÍNEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 396 de 17/02/2020) para proceder á realización de obras consistentes na construción de columna de pedra co motivo da instalación de contador eléctrico nunha finca da vivenda (Referencia Catastral15038A006005110000FZ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionado a que :

-- Antes do inicio da obra deberá solicitarse pola interesada na área de Urbanismo do Concello que se fixe sobre a parcela a alienación e o retranqueo da columna solicitada con respecto ao vial público.-

-- A columna autorizada non superará o 1,5 metros e deberá encalarse, enlucirse ou pintarse en tonos claros.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de EVA FISTERRA, S.L., con CIF B70600002 (Rexistro de Entrada 410 de 18/02/2020), para proceder á realización de obras consistentes na instalación dunha cheminea de barbacoa con extracción forzada para evacuación de fumes a emprazar na terraza cuberta do establecemento público destinado a Restaurante “El Puerto” (Referencia Catastral 8706301MH7580N0001IT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN JOSÉ REY PIÑEIRO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 459 de 25/02/2020) para proceder á realización de obras consistentes no tapado de gretas e pintado en cor azul das fachadas principal e posterior dunha edificación (Referencia Catastral 8216133MH7581N0000TZ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

B) SEGREGACIÓN DE FINCAS.-

Examinada a petición formulada por parte de JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, veciño de Fisterra (Rexistro Xeral de Entrada 103 de 14/01/2020) sobre solicitude de licenza para Segregación de Parcelas,

Vista a aportación de nova documentación acompañando Planos ós que deberá axustarse na súa totalidade de data 21 de Febreiro de 2020 asinados polo Enxeñeiro de Edificación, José Jesús Baliña Romero, así como ó Informe favorable emitido polo Arquitecto que presta servizos no

Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 26 de Febreiro de 2020 que constan no expediente,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Conceder Licenza a JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, para proceder á reorganización das seguintes Parcelas mediante segregación e agrupación :

<u>Superficie Total da Parcela</u> Referencia Catastral 8406422MH7580N	775,56 m2
<u>Superficie en Solo Apto para Urbanizar/ Solo Rústico de Protección Ordinaria</u>	525,42 m2
<u>Superficie en Solo Urbano</u>	241,17 m2
<u>Superficie de Cesión gratuíta en favor do Concello</u>	8,97 m2

A Superficie de cesión gratuíta de terreos en favor do Concello de Fisterra son os necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso que lles corresponde na Superficie sinalada.-

<u>Superficie Total da Parcela</u> Referencia Catastral 8406467MH7580N	414,24 m2
<u>Superficie en Solo Apto para Urbanizar/ Solo Rústico de Protección Ordinaria</u>	336,88 m2
<u>Superficie en Solo Urbano</u>	77,36 m2

Así mesmo comunicárase ó promotor que de conformidade cos Artigos 11 e 13.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro (Real Decreto Legislativo 1/2004, de 4 de marzo), a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario, así como das alteracións das súas características é obrigatoria para que a descrición catastral dos inmobles afectados concorde coa realidade e, que os titulares dos dereitos están suxeitos á obriga de formalizar as declaracións conducentes á incorporación no citado Catastro e das súas alteracións, polo que deberá proceder a declarar as diferenzas advertidas entre o Proxecto de Segregación e a recollida na información catastral subministrada.

Deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de douscentos corenta euros (240,00 €) en concepto de taxas das parcelas resultantes.

2º.- Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

C) SEGREGACIÓN DE FINCAS.-

Vista a solicitude de licenza presentada por parte de JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, veciño de Fisterra (Rexistro Xeral de Entrada 103

de 14/01/2020) sobre solicitude de licenza para Segregación de Parcelas con Referencias Catastrales 8406467MH7580N0001IT e 8406422MH7580N0000OR (ambas en parte dentro de Solo urbano do núcleo de Fisterra (Ordenanza de edificación extensiva) e Solo Apto para Urbanizar, actualmente Solo Rústico de conformidade co disposto na Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do solo de Galicia,

Examinado o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística de data 26/02/2020 que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Declarar a innecesariedade da licenza prantexada polo interesado, en base ó disposto no Art. 150.6 apartado c) da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.

2.- Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos.

3º.- Asuntos varios.-

PROGRAMA LIMPEZA DE PRAIAS DEPUTACION 2020

Á vista da convocatoria publicada por parte da Excma Deputación Provincial no Boletín Oficial da Provincia número 34 de data 19 de Febreiro de 2020 do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente para Limpeza de Praias Marítimas ano 2020, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Memoria das Actividades a realizar co motivo do Programa antes referido que consta no expediente.-

2) Solicitar do citado Organismo Provincial unha Subvención de Trinta e tres mil oitocentos corenta euros (33.840 €) para financiar salarios e cotas a Seguridade Social de doce (12) traballadores/as coa Categoría de Peón por un período de Tres meses (3).-

3) Compromiso firme de aportación municipal polo importe de Dous mil oitocentos cincuenta e sete euros con sesenta e oito céntimos (2.857,68 €) con cargo ao presuposto actualmente prorrogado para o ano 2020.-

4) Remitir Certificación deste acordo ao citado Organismo provincial xunto coa documentación prevista na Base 7ª da Convocatoria.-

PROGRAMA DE INTEGRACION LABORAL EXCMA DEPUTACION 2020

Unha vez examinadas as Bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante a execución de Obras e Servizos mínimos municipais dos Concello de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2020 publicadas no Boletín Oficial da provincia número 43 de data 4 de Marzo de 2020, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Adherirse ao Programa de Integración Laboral antes referido, solicitando do organismo Provincial unha Subvención polo importe de Corenta e tres mil euros (43.000 €) para financiar a contratación de Seis traballadores coa Categoría de Peón durante un período de Cinco meses (5) cun coste total de Corenta e cinco mil oitocentos noventa e cinco euros con oitenta céntimos (45.895,80 €).-

2) Compromiso firme de aportación municipal polo importe de Dous mil oitocentos noventa e cinco euros con oitenta céntimos (2.895,80 €) con cargo ao presuposto actualmente prorrogado para o ano 2020.-

4) Remitir Certificación deste acordo ao citado Organismo provincial xunto coa documentación prevista na Base 5ª da Convocatoria.-

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a A. S. C., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Cincocentos euros (500,00 €) para cubrir gastos familiares de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a D. P. R., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento once euros (111,00 €) para adquisición de medicamentos, que serán pagados directamente á Farmacia polo Concello, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. M. Q. F., veciño de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para cubrir gastos de desprazamentos a hospitais, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

TARXETA DE ESTACIONAMENTO

- Á vista do informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a P. V. C., veciño de Fisterra a tarxeta de estacionamento para minusválidos cun período de validez de DEZ ANOS por ter dificultades de mobilidade según resolución de recoñecemento do grado de discapacidade expedida pola Concellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 3 de Febreiro nde 2020 .—

AXUDAS ECONÓMICAS

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a CARLOS CASAIS TRILLO, como Representante do Coro "Nuestra Señora del Carmen" de Fisterra, unha axuda económica polo importe de Trescentos euros (300 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo do desprazamento á Capital de BURGOS co motivo da súa participación o día 21 de Marzo de 2020 no XXV Festival da Canción Vocacional xunto con outros Colexios de España.

Deberá presentarse Memoria Xustificativa de Gastos antes do 31 de Decembro de 2020.-

VALORACION DE DANOS A BENS DE PARTICULARES

Vista a solicitude presentada co número 309 (RE) de 5/02/2020 por Juan Rogelio Marcote Senlle, no que comunica que o pasado 1/2/2020, ao estacionar o seu vehículo marca Opel, modelo Astra, matrícula **73F**, á altura do número 16 da Avenida da Anchoa, rompeulle a roda dianteira dereita e achega presuposto de valoración por importe de 272,69 €.

Tendo en conta que no expediente consta informe de data 1/02/2020 emitido pola Policía Local, do que se desprende a veracidade dos feitos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e ingresarlle na conta bancaria indicada por Juan Rogelio Marcote Senlle a cantidade de 272,69 € para responder dos danos causados ao seu vehículo polo mal funcionamento dos servizos públicos.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión**, ás **21:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.